



Roccella phycopsis Ach.

Atópase nas superficies verticais das rochas costeiras, nas zonas protexidas da influencia directa do mar (foto 1 a), ás veces xunto a *Roccella fuciformis* (ficha 6) (foto 1 b).

Talo fruticuloso, de 2 a 7 cm de longo, con ramas ou lacineas redondeadas e pouco ramificadas de cor gris a marrón (fotos 2, 3), que contrasta coa cor clara de *R. fuciformis* cando viven xuntas (foto 1). Os sorais das lacineas son aparentes e brancos (fotos 3, 4). A médula do disco de fixación é amarela. Apotecios raros.

Fotobionte: alga verde, *Trentepohlia*.

Reaccións: talo K⁻, ou K⁺ + amarelo-vermello, C⁺ + vermello. Médula con reaccións negativas.